

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E O COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS NAVAIS E OCEÁNICOS

Medida cofinanciada nun 75% polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca e en un 25% polo estado membro, a través da medida 7.1.1 de asistencia técnica.

En Santiago de Compostela, 29 DEC. 2015

REUNIDOS:

Dunha parte, D^a Rosa M^a Quintana Carballo, conselleira do Mar, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude das facultades recoñecidas polo artigo 34.10 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

e doutra parte, D. Luis Vilches Collado, Decano Presidente do Colexio Oficial de Enxeñeiros Navais e Oceanicos de España, en nome da súa Xunta de Goberno, en representación do mesmo, de acordo co artigo 18 do Real Decreto 1460/2012, de 19 de outubro, polo que se aproban os Estatutos do Colexio Oficial de Enxeñeiros Navais e Oceanicos.

EXPOÑEN:

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións de colaboración financeira entre a Consellería do Mar e o Colexio de Enxeñeiros Navais co fin da realización polos seus facultativos de traballos de valoración, seguimento e control de proxectos de investimento subvencionables a través do Programa Operativo do FEMP 2014-2020, cuxo período de elixibilidade abrangue do 1 de xaneiro de 2014 ata o 31 de decembro de 2023, segundo dispón o artigo 65.2 do Regulamento (CE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 de decembro, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello (en diante, Regulamento de disposicións comúns dos fondos EIE).



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e
Innovación Tecnolóxica

galicia



UNIÓN EUROPEA

Fondo Europeo Marítimo e de Pesca

Terceira. – OBRIGAS.

O Colexio de Enxeñeiros Navais obrígase a facer íntegra á Consellería do Mar, con anterioridade á súa data de finalización fixada na cláusula sexta, da totalidade dos traballos e á realización da totalidade de actuacións programadas en relación coa valoración, seguimento e control das seguintes prioridades da Unión/obxectivos/medidas do FEMP:

1. Dentro do obxectivo do FEMP 1.1. “Redución de impacto da pesca no medio mariño”, as seguintes medidas:
 - a) Medida 1.1.2. “Limitación do impacto da pesca no medio mariño e adaptación da pesca á protección das especies”.
 - b) Medida 1.1.3. “Innovación relacionada coa conservación dos recursos biolóxicos mariños”.
2. Dentro do obxectivo do FEMP 1.4. “Fomento da competitividade e viabilidade das empresas do sector da pesca”, as seguintes medidas:
 - a) Medida 1.4.4. “Saúde e seguridade
 - b) Medida 1.4.8. “Valor engadido, calidade dos produtos e utilización das capturas non desexadas”.
3. Dentro do obxectivo do FEMP 1.5. “Apoio á consolidación do desenvolvemento tecnolóxico, a innovación, incluído aumento da eficiencia enerxética e a transferencia de coñecemento”, as seguintes medidas:
 - a) Medida 1.5.1. “Innovación”
 - b) Medida 1.5.3. “Eficiencia enerxética e mitigación do cambio climático. Investimentos a bordo, programas de eficiencia enerxética e auditorías, estudos...”
 - c) Medida 1.5.4. “Eficiencia enerxética e mitigación do cambio climático. Substitución ou modernización de motores”.
4. Dentro do obxectivo do FEMP 2.1. “Apoio á consolidación do desenvolvemento tecnolóxico, a innovación e a transferencia de coñecemento”, a seguinte medida:
 - a) Medida 2.1.1 “Innovación”.
5. Dentro do obxectivo do FEMP 2.2. “Fomento da competitividade e viabilidade das empresas acuícolas”, as seguintes medidas:
 - a) Medida 2.2.1. “Investimentos productivos en acuicultura.”
 - b) Medida 2.2.2. “Fomento de novas empresas acuícolas que practiquen a acuicultura sostible”.



6. Dentro do obxectivo do FEMP 2.3. “Protección e restauración da biodiversidade acuática e a potenciación dos ecosistemas, e fomento dunha acuicultura eficiente”, as seguintes medidas:
 - a) Medida 2.3.1. “Investimentos productivos en acuicultura. Aumento da eficiencia enerxética e reconversión a fontes de enerxía renovables”.
 - b) Medida 2.3.2. “Investimentos productivos en acuicultura. Eficiencia dos recursos, redución do uso da auga e químicos, sistemas de recirculación para uso mínimo da auga”.
 - c) Medida 2.3.4. “Reconversión aos sistemas de xestión e auditoría medioambientais e á acuicultura ecolóxica”.
7. Dentro do obxectivo do FEMP 4.1. “Fomento do crecemento económico, inclusión social, creación”, as seguintes medidas:
 - a) Medida 4.1.2. “Aplicación de estratexias de desenvolvemento local participativo. Proxectos financiados polos GALP (incluídos os custos de funcionamento e animación)”.
8. Dentro do obxectivo do FEMP 5.2. “Incentivación dos investimentos nos sectores da transformación e a comercialización”, a seguinte medida:
 - a) Medida 5.2.1. “Transformación dos produtos da pesca e a acuicultura”.
9. Ademais da realización das valoracións dos proxectos que se encadren nas medidas do FEMP anteriores, realización das inspeccións físicas necesarias para finalizar os controis posteriores sobre proxectos financiados con FEP 2007-2013, co fin de verificar a invariabilidade das operacións nos cinco anos seguintes á data da decisión desta Administración sobre a contribución do fondo, de acordo co artigo 56 do Regulamento (CE) nº 1198/2006 do Consello de 27 de xullo de 2006 relativo ao Fondo Europeo de Pesca.
10. Tamén se inclúen nos traballos a realizar cantos informes técnicos lles solicite a Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica no ámbito das axudas co financiamento a través das medidas relacionadas nos puntos anteriores.

Ademais, o Colexio queda obrigado a:

- Manter un sistema de contabilidade separado ou código contable adecuado que permita coñecer as transaccións relacionadas con este convenio, co obxecto de facilitar a pista de auditoría, en cumprimento do artigo 125.4 b) do Regulamento de disposicións comúns dos fondos EIE.
- Conservar a documentación xustificativa da aplicación dos fondos recibidos durante un mínimo de cinco anos desde a percepción do último pagamento, para os efectos de comprobación e control.

A continuación faise unha clasificación dos posibles gastos, aínda que sen pretensión de facer unha lista pechada dos mesmos.

CUSTOS DE PERSOAL

Estes custos deberán ser verificables a través das nóminas dos meses xustificadas, do certificado de retencións, dos modelos TC1 e TC2, en relación ás persoas vencelladas ao convenio.

CUSTOS DIRECTOS

Son os relacionados directamente coa operación e cuxo nexa pode demostrarse.

Pódense enumerar algúns, sen carácter limitativo:

- Gastos de viaxe, aloxamento e manutención do persoal directamente relacionado coas actividades a desenvolver. Xustificaranse mediante billetes correspondentes ao medio de transporte empregado, facturas pagadas polos aloxamentos e manutención (no seu caso). Os gastos de viaxe derivados do uso do vehículo propio computaranse de acordo coa indicación por parte dos técnicos do Colexio de Enxeñeiros Navais dos kilómetros realizados para a prestación do servizo requirido, multiplicados por un custo de 0,3 € por kilómetro, segundo dispón o Convenio Colectivo do Sector Oficinas e Despachos, publicado mediante Resolución de 5 de outubro de 2015, da D.X. de Traballo da Consellería de Economía, Emprego e Facenda da Comunidade de Madrid (BOCM nº 265, do 07.11.2015) e un prezo mínimo fixo por saída de 15 €.
- Gastos referidos á utilización de bens inmoables, sempre que a súa totalidade ou unha fracción se poida acreditar o seu uso vencellado aos traballos encomendados. No caso de fracción, deberá deixarse constancia do método de cálculo utilizado para a súa imputación proporcional ao convenio e mantendo nos rexistros a documentación xustificativa soporte dos custos imputados e dos cálculos realizados. O cálculo poderase xustificar en función do custo medio mensual de aluguer dunha oficina na zona na que os técnicos do Colexio de